

# Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmento

## NOTAS ARQUEOLÓGICAS DO CASTRO DE CAMEIXA.

LOPEZ CUEVILLAS, Florentino; LORENZO FERNANDEZ, Joaquin

Ano: 1948 | Número: 58

---

### Como citar este documento:

LOPEZ CUEVILLAS, Florentino; LORENZO FERNANDEZ, Joaquin, Notas arqueológicas do Castro de Cameixa. *Revista de Guimarães*, 58 (3-4) Jul.-Dez. 1948, p. 288-305.

---

Casa de Sarmiento  
Centro de Estudos do Património  
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmento, 51  
4800-432 Guimarães

E-mail: [geral@csarmiento.uminho.pt](mailto:geral@csarmiento.uminho.pt)

URL: [www.csarmiento.uminho.pt](http://www.csarmiento.uminho.pt)



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons  
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

# Notas arqueolóxicas do castro de Cameixa

---

## A rexión xeográfica

Cofrecese na Galiza co nome de meia montana, aos penicháns de 400 a 700 metros de altitude sobre do nivel do mar, que se estenden ampriamente por baixo das vellas serras, e nos que os rios escavaron os seus vales, anchos unhas veces e estreitos outras, mais sempre fondos e con flancos nos que unha erosion activa esculpiu un releve moi variado de corgas, de cotos e de escalóns. Caracterízanse botanicamente estes penicháns, pol-a fartura de millareiras e de prados, e pol-a extensión considerabele das áreas arboreadas, nas que os piñeiros andan a par cas touzas de carballos e cos soutos de castiñeiros.

As viñasalcontranse, en troques, nas ribeiras ocupando os terrazos situados ao decorren dos rios, gabeando pol-as ladeiras do val, dispostas ben veces en socalcos, e metendose, sobre todo, pol-as corgas afluentes, deica chegaren aos bordos do penichan onde se forma unha zona de transición, que se denomina bocaribeira, e que participa, en realidade, das dúas crases de cultivos e dos dous tipos de paisaxe.

Pol-o xeral os restos dos poboados protohistóricos, que chamamos castros, son moito menos numerosos nas ribeiras que nas meias montanas, e aínda que nas bocaribeiras, podendose espricar iste feito, oposto por comprobante ao reparto actual da poboación, pol-a circunstancia de estaren ocupados, nos tempos preromans os fondaes e ladeiras dos vales dos rios mais importantes, por un mato vizoso e mesto, que xuntamente co desgalgado debalar das enfestas, faciaos moito menos doados pra o desenvolvemento da economía mais

gandeira que agrícola da época, que as meias montañas mais chairas e de vexetación menos forte. E a iste respecto da despoboación ou case despoboación de moitos vales galegos, aínda nos séculos posteriores á conquista román, conven advertir que moitas ribeiras




Fig. 1 — Situación do castro de Cameixa.

que hoxe están cheas de viñas e de aldeas, foron como o anaco do val do Sil que un diploma de Doña Teresa de Portugal desíña co nome de «Rivoira Sacrata», asilo de eremitas que alí se estableceron, poda ser que denantes da IV centuria, o que ven a amostrar, de xeito evidente, que semellantes lugares eran entón, por senlleiros e montesios, buscados por aqueles santos

homes, como escaerios adoitados pra exercitaren nils a meditación e a penitencia.

### **O emprazamento**

A meia montana do Carballiño, aberta ao pé do Testeiro, estesa e ondulada, rica e lenturenta, e con comunicación doada con outras terras do mesmo tipo, cai pol-o sul encol da ribeira do Avia nunha encosta pina que asucan as corgas fondas de varios regatos, que van morreren ao rio principal ou o seu tributario o Arenteiro.

Un distes regatos, afluente directo do rio principal, é o coñecido por Viñao ou Avioite, que entra nos termos da freguesia de San Martiño de Cameixa, pertencente ao concello de Boborás, por un cauce de pendente lixeira, deica chegar ao bordo mesmo do penichán, dende o que desgalgase cara o val por unha encetadura estreita, fonda e pina, que se atopa domeada no seu comenzo por un coto granítico, posto á esquerda da direición da corrente, e arrodado ao poniente e ao sul pol-o regato y pol-a encetadura, estreita e fonda por onde decorre (figura 1).

Dende a cima diste coto, e careandose para o norte, dexergase un paisaxe de piñeirases, cotos e millaireiras, cortado logo por liñas de outeiros prósimos; mais volvendo pra o sul, o ollar espaxexese nos primeiros termos pol-as viñas e os sobreiraes da bocaribeira, logo pol-a focha do val do Avia, axexada dende a outra banda pol-as cumiadas penedentas da Pena Corneira e pol-os lombos arredondados do Suido e do Novelle, aparecendo, mais alá ainda, o perfil da serra de San Mamede, e no fondo as serras do Leboreiro e do Larouco, raianas xa con Portugal.

Por razóns económicas e castrensas, o coto de que falamos oferecia as xentes da nosa época céltiga, un emprazamento ben axeitado pra costringir nil un dos seus poboados. Por razóns económicas por que domeaba de maneira eficaz, por unha banda a meia montana, onde estaban de seguro os eidos precurados e os prados pra o gando, e do outro o debalo cara á ribeira, cheo hoxe de viñas asocalcadas, mais que entón había estar coberto por un mato pecho no que vivirían

â fartura os animaes selváticos, e que sería utilizado como un escelente cazadeiro; e por razóns castrenses por que o coto é case que inaceseble pol-o oeste e pol-o sul, por mor da lonxitude e fragosidade das ladeiras que can sobre do Viñoso, e por que as ladeiras do leste e do norte, anque menos longas, eran pinas dabondo pra constituiren un serio impedimento pra o éisito de calquer ataque.

### O castro

Istas boas condicións foron percibidas pol-as xentes que vivían no país nos séculos que seguiron â invasión céltiga, xentes que ergueron alí unha das suas



Fig. 2 — O castro de Cameixa dende o NE.

aldeas fortes, rodeando o coto de murallas e dispoñendo outros lugares inmediatos pra fins que non poden agora determinárense con esactitude.

Abandoadada a aldea pol-os seus habitantes, após do trunfo final do poder de Roma, caíron as casas de pedra e as cabanas de ramas e barro, os parapetos foron derrubados e os seus cachotes empregáronse noutras construcións, aproveitando a área que denantes ocupara o poboado, pra distintos usos agrícolas, e construíndose nela valados de leiras, quedando soío no seu lugar o revestimento do terrapén, en case que

toda a súa primitiva volta, presentando o castro na actualidade un aspeito moi típico (figura 2) ca súa cume achairada, pol-a que vai do norleste ao suroeste unha crista de penedas graníticas afrorantes, e cas súas vertentes nas que é moi doado o adiviñar a existencia do muro que sostén o aterro, coberto xa pol-o humus e a herba do monte.

Consta o castro (figura 3), de un recinto principal e superior de forma ovalada que mede 88'20 metros de norte a sul e 78'40 de leste a oeste, ficando cinguido por un aterro pino que ten de 10 a 20 metros de alto, e que conserva en case que todo o seu desenrolo o muro de contención de terras, tendo, en troques, desaparecido o parapeto que se atopaba encol dil. Pol-o sul e mais pol-o suloeste deste recinto principal alcontrase un pequeno antecastro de 18 a 25 metros de ancho, provido dun aterro cun muro de revestimento que acada os 20 metros de alto, non podéndose dixerar en ningún dos seus cabos a maneira como faguía a ensembrar co recinto superior. Diante deste antecastro, mais soio pol-a banda do oeste, hai outro aterro ao parecer seu muro, que adianta unha miga en dirección norte, faguendo primeiro a modo dun pasadelo, co pequeno recinto exterior, e logo outro do mesmo ancho co recinto principal. Así mesmo, pol-o suloeste e sul, i-en plano inferior ás obras de fortificación que deixamos citadas, vese un escalón ancho entre 70 e 93 metros, sen sinal de parapeto nen de aterro revestido, caíndo deseguida case que verticalmente a ladeira da corga por onde decorre o Viñao.

Pol-o suloeste do aterro do recinto principal, apreciase un afundimento que o corta en senso oblicuo, e que denuncia unha indudable rubida en rampla, cortando o muro de revestimento.

Todos estes datos permitennos afirmar que o castro de Cameixa contaba con un recinto interior e outro exterior, protexidos os dous por murallas, e poda ser que doutro recinto máis esterno e esteso, destinado quizais a refuxio de gando e amparado posibelmente por unha seve de paus ou polas, da que non resta hoxe, como é natural, o menor vestixio.

A entrada ao recinto superior faise na actualidade por un camiño que entra pol-o norleste, mais a entrada




Fig. 3 — Planta e cortes do castro de Camelxa.

antiga estaba practicada no afundimento do aterro que denantes sinalamos e rubía em rampla oblicua, flanqueada a un lado e outro polo parapeto, que se partía en dous, deixando no meio un paso estreito e domeado dende enriba. Iste sistema de porta témolo rexistrado en varias estacións castrexas, entre elas na do castro de Cabras e na da Aurela de Soutolongo, ambas na terra de Deza.

Non se percebe con tanta claridade a entrada do antecastro, mais coidamos moi posibele que estivera situada na banda do oeste, e que o aterro mais esterno, do que denantes falamos, servira pra establecer dous pasos oblicuos, que impedirán calquer ataque frontal, e que obrigarán a unha tropa agresora a penetrar por lugares estreitos, domeados por obras flanqueantes, sistema moi xeralizado na arquitectura militar dos castros, mais desenvolto asegun os casos, cunha gran variedade de solucións.

Contrariamente ao que pasa en moitos poboados dista crás, nos que as defensas multiplicanse nos sitios mais accesibles, en Cameixa o antecastro e o outro recinto mais esterno, colocanse cara o oeste e sul, e decir cara as vertentes pinas que descen sobre do Viñao, ficando o resto da volta, que na sua case totalidade, atopase en contaito coa chaira da meia montana, sen mais proteición que a muralla, que é de supor fora ali moi alta e forte, sendo así e todo chocante a falla do foso, elemento defensivo empregado case que sempre, pra isolar as áreas fortificadas, naquelas partes naturalmente menos protexidas.

Calculando un diametro medio de 4 metros ás casas de pedra e ás cabanas de materiaes precedeiros, e tendo en conta a densidade con que apareceron agrupadas en Terroso, Coaña, Borneiro, Trega, Troña, e Baroña, pode suporse que haberia no recinto principal 143 construcións e no antecastro 56, e asiñando tres distas cabanas ou casas a cada familia de 5 persoas, por ser indudabele que esistían cortellos pra os animaes e almacéns, resultaría que no caso de estar edificado somente o recinto principal, vivirían no castro de Cameixa 235 individuos, e no caso de estar edificado tamén o antecastro chegaria o seu número aos 330.

En ningún dos recintos do castro atopase na actua-



lidade ningunha fonte, mais debeu habelas de seguro noutro tempo, poda ser que no terrapren da muralla como en San Cibrán das Lás ou fora de muros como sucede en Briteiros. E acreditamos a esistencia distas fontes en primeiro lugar por que o aprovisionamento no Viñão, tería que ser pouco doado pol-a lonxitude e forte costa das ladeiras que baixan deica il, i-en segundo pol-a circunstancia de haberen hoxe nascentes nas ditas ladeiras como son os que fornecen auga ao lugar de Parada, que se situa ao sul e por baixo mesmo do castro.

### A escavación

Levaronse a cabo os traballos de esploración do castro de Cameixa nos vráns dos anos de 1944, 1945 e 1946, principiando por abrimos calicatas en diversos puntos do recinto principal, que amostraron a esistencia dunha camada de terra vexetal, e por baixo dela dun delgado estrato arqueolóxico, no que se recolleron algúns testos de cerámica lisa traballada a man, medindo o dito estrato de 10 a 20 centímetros de fondura, e apreciándose deseguida a aparición do chan natural, sen que se viran por ningures paredes de casas nin de ningún outro xénero de construcións.

En vista delo trasladáronse os traballos á porción oriental do referido recinto, inmediato ao bordo interior da muralla, onde o aspecto do terreo amostraba un evidente recrecemento, e onde, por outra parte, noticias recollidas dos paisanos, afirmaban que a terra solta acadaba un fondura considerabele, prometendonos todo elo o achadego de niveis arqueolóxicos ricos e podía ser que diferenciados, que nos consentiran establecer unha sucesión cronolóxica.

Esprorouse, en total, nos tres citados anos, unha área duns 420 metros cadrados, que adianta dende o ángulo do sueste i-en dirección norte, mais sempre achegada a muralla. A fondura máisima atinxida deica bater na peneda do coto, pasa un pouco dos 4'50 metros, podéndose apreciar dende o comenzo da escavación a presenza de cinco niveis, nidamente separados (figura 4).

Nivel I — Compreendido entre a peneda do chan




Fig. 4 — Estratos arqueológicos do castro de Camexa.

natural e unha camada de 3 centímetros de groso, formada por barro misturado con area e fortemente api-soado. O espesor deste nivel chega nalgún sitio deica os 2'35 metros, mais pol-o xeral anda darredor do metro e meio.

Nivel II—Asentado encol do barro de que falamos, fica limitado na parte superior por unha camada de cinsas e carbóns de 5 centímetros de groso. A fondura máisima deste nivel é de 80 centímetros.

Nivel III—Tén por riba outra camada de cinsas e carbóns, case que idéntica a que presenta na parte inferior e a súa fondura é de 90 centímetros.

Nivel IV—Mede de groso 20 centímetros i-está comprendido entre a camada carbonosa que coroa o estrato anterior, e o fondo das paredes das casas de pedra que se asentaron encol dil.

Nivel V—Véñeno constituir os restos dos muros das casas e a terra que os cubría e arrodeaba.

Consente o chan natural vaise erguendo de fora a adentro os niveis confundense dica chegaren a desaparecer por complot.

Tendo en conta o que levamos dito, pode creerse que o castro de Cameixa estivo habitado nun período longo dabondo pra que nas partes baixas do coto acumularanse materiaes deica formaren o estrato que chamamos nivel I. Encol dil estense nunha área considerabele, unha camada de barro, que apareceu con mostras de calcinación en varios lugares, e que é idéntica, anque menos grosa, que a que serve de pavimento a moitas habitacións dos nosos castros. Niste piso erguéronse, sen dúbida, cabanas e foronse depositando restos, deica o día en que as cabanas arderon, como arderon mais adiante as construídas por riba dos seus vestixios, pódose no canto delas, e xa no nivel superior, as casas de pedra de paredes curvas das que logo nos ocuparemos.

### As murallas

Un dos nosos primeiros coidados foi o de estudar o que queda en pé da muralla que cingue o recinto onde se ian a realizar as escavacións, pondo ao desco-

berto as suas dúas caras nun traecto que comprendeu o ángulo sueste do recinto interior do castro. O ancho desta muralla en toda a porción escavada é de 3 metros, agás no treito que corresponde ao vértice do ángulo, no que o espesor vai diminuíndo pouco e pouco, deica medir no centro da volta tan soio 2'20 metros. Iste enfebecimento da defensa, é en realidade tan soio aparente, pois o vértice, a que aludimos, que ven resolverse nunha ampria curva,alcontrase reforzado por un muro interior tendido en corda, cúa separación máisima do arco é de 2'50 metros. Esta corda non se artella co arco por medio de pedras de enlace, senon que, seguindo unha regra xeral na arquitectura dos castros, xustaponse sinxelamente. O espacio cinguido por estes dous elementos atopouse cheo de terra e de pedras soltas, e resultou por comprobante esteril no que fai referencia a achádegos de cerámicas e doutros obxectos arqueolóxicos. Presentaba iste dispositivo no punto de xuntanza da corda co arco, situado cara ao leste, a particularidade de estar ali reforzada a dita xuntanza, por unha especie de contraforte adosado nos cabos dos dous elementos, e cheo con terra e pedras o oco resultante. Iste reforzo colocouse en tal lugar pra impedir a ruína da obra, falseada por ter sido asentada ali a muralla principal, encol dun antigo muro, do que logo imos ocuparnos, e que ao esborrallarse a meias debeu producir un falseamento, que se poido apreciar con enteira claridade. De todo o conxunto e particularidades das construcións de que deixamos falado, da idea a figura 5.

Outra particularidade que debe mencionarse tamén é a de que o muro que fai a corda do arco e que mede 2 metros de ancho na parte superior, tén na inferior 20 centímetros mais, debido a un escalón que se acusa na cara que mira ô interior do recinto do castro.

Os paramentos exterior e interior da muralla principal, nas porcións non abranxidas pol-o arco, están constituídos por pedras ben labradas que forman un aparello dos chamados poligonaes, que segue na cara exterior do arco, namentras a corda no lado que mira pra o interior do recinto, presenta fiadas das chamadas helicoidaes, sendo, entroques as caras interiores o mesmo da corda que do arco, feitas con cachotes sen




Fig. 5 — Muros e defensas do castro de Cameixa.

ningunha labra, irregulares e postos en obra sen o menor coidado.

O asento destas dúas paredes, e a continuación da primeira por un lado e outro, está feito encol do nivel II, descansando na terra, agás nun tramo de 11 metros, en que se sostén sobre dun antigo muro, construído por riba da superficie superior do nivel I, e que se desvía un pouco cara o sueste en relación co outro, non podendo saber se máis alá dos aludidos 11 metros, continuaba ou non o tramo, por encontrarse desfeita a porción descuberta nos seus dous cabos.

A máis dos restos deste valado antigo, descubriuse, posto encol da superficie do nivel II, outro muro que describe unha figura con dous ángulos, axuntada por un lado a unhas pedras soltas, e que se perde polo outro, dentro da muralla de que primeiro falamos. Esta parede, de uns 50 centímetros de ancho, con labra soia na cara exterior, vése con enteira evidencia que nunca tivo máis altura que a dos 60 centímetros que hoxe mede, pois as pedras do coroamento atopáanse intactas, debendo haber servido pra calzar unha área de terreo cun obxecto que non é posíbele precisar.

Co mesmo propósito de arranxar un pequeno terrazo ergueuse sobre do chan natural subxacente ao nivel I, un muro en ángulo, que se atopou intacto, cuns 70 centímetros de alto e 50 de ancho, seguindo algo máis atrás a dirección do anterior, soio que artellándose lateralmente sobre das pedras que o flanquean, e das que a do leste fica por baixo da muralla máis esterna.

Algo máis ao norte e postos tamén encol do chan natural subxacente ao nivel I, encontráronse outros dous muros paralelos orientados do suroeste ao nordeste, e que se desenrolan nunha lonxitude de 12 metros o máis esterno, e de un pouco menos o interior. Tem iste 1'20 metros de alto, e o seu ancho que vai diminuíndo notabelmente de abaixo a cima, mede 1 metro na base e soio 50 centímetros no coroamento, presentando a cara que mira ao sueste vertical e sen labra, e a oposta inclínada e labrada, encontrándose o coroamento enteiro, con toda evidencia. O outro muro arredado do anterior uns 80 centímetros, mede 65 centímetros de alto e 45 de ancho, ten as dúas caras

labradas e verticais, e non poden determinárense a súas alturas primitivas por alcontarse todo o moi derramado. A forma e disposición de todas estas obras pode verse indicada claramente na figura 5.

Do conxunto das referidas construcións tírase a existencia de muros erguidos no comenzo da habitación do castro, que son os que se atoparon asentados encól do chan natural, e doutros posteriores asentados




Fig. 6 — Mullón circular nos cimentos da muralla.

encól do nivel II, todo o que é anterior á muralla que cingue na actualidade, o recinto, e que coidamos debeu construírse nos derradeiros tempos do castro, xa que incluído nas fiadas inferiores dun dos seus lenzos, atopamos, aproveitada a modo de cachote, unha pedra dun mullón de man circular (figura 6), tipo de mullón que se rexistrou sómente no nivel V, sendo ben o advertir asimesmo que o anaco de paramento onde se olla non presenta ningún sinal de ter sido recostruído.

Sobre o rol que os referidos muros desempeñaran nos seus respectivos niveis, nada se pode asegurar, e tan soio é lícito supór se as paredes que se atoparon entre os dous grupos de penedas estarían destinadas a sosteren un terrazo, moi pequeno no mais baixo e mais desenvolto no outro, e se os restantes muros,

pol-a súa lonxitude e pol-o seu desenrolo rectilíneo, formarían parte de obras defensivas, que poda ser conxugaranse e combinaranse ca crista de penedas que, como xa dixemos, atravesa o recinto do norleste ao suroeste, mais sen que nos sexa posible arriscar ningunha opinión sobre a disposición i-estructura das ditas obras.

### As habitacións

No castro de Cameixa os restos das habitacións con paredes de pedra atopáronse soio no nivel V. Nos catro que están por baixo dil alcontráronse, entroques,




Fig. 7 — Un fogar do nivel III.

vestixios de cabanas erguidas sen dúbida con materiaes perecedeiros. Consistían istes vestixios en fogares (figura 7) formados con varias pedras, asentadas encol do chán e cobertas por unha camada de arcilla roxa, e por un reborde disposto por tres lados darredor da dita lareira, feito, ben con pedras pousadas de cotelo, ben cunha especie de semielipse fabricada ca mesma terra roxa da lareira, e tamén en restos de revestimento de barro que conservaban as improntas de táboas que por veces montaban unhas noutras, e por veces arredábanse de abondo, pra que entre elas poidera pasar o barro do revestimento, aparecendo asimesmo outros



anacos semellantes con improntas das varas dun entramado e outros, mais grosos, que pertencían, con toda evidencia, ós pavimentos de arcilla tan correntes nas habitacións castrexas.

No nivel I soio se rexistrou o achádego dun fogar, atopándose nos niveis II, III e IV, novos fogares, e na




Fig. 8 — Casas circulares do castro de Cameixa.

sua compañía os anacos de revestimento de taboas, de entramado de varas e de pavimento de que xa falamos.

As casas de pedra descubrironse soio, como de antes indicamos, no nivel V. Foron dúas as descubertas (figura 8), amas con paredes curvas, construídas do xeito xeral nos castros, quere se dicir, con dous tipos de aparello: poligonal e con labra coidada o exterior, e de cachote mais miúdo e menos labrado o interior, e con falla absoluta entre os dous das pedras de enlace chamadas xuntoiros ou forras.

A maior das dúas casarellas presentaba no seu interior un muro angular, e achegados a el dous fogares, semellantes aos que atrás describimos mais co piso cuberto de pedra que se emprazaban a un lado do vértice do ángulo. Á beira mesmo desta casarella atopouse a lumieira da súa porta, que presentaba os rebaixes cos que encaixaba na parede.

Xuntando as dúas construcións corria un muro que semella debía formar parte dunha especie de cortello ou doutra dependencia de carácter adxetivo.

### Os muíños de mán e outros achádegos

Todol-os muíños de mán que sealcontraron nos catro niveis inferiores son planos, sendo dino de mención especial, pol-o seu grande tamaño, un que se atopou no nivel I, e que mede 48 centímetros de longo por 33 de ancho, sinalándose tan so no nivel V, o aparecemento de muíños circulares.

En canto â cerámica decorada de tipo castrexo, é moi abundosa en todol-os niveis, agás no I, no que se recolleu somente un testo que xacia por baixo dunha das muradelas que coidamos mais antigas. As doas de vidro, entre as que hai moitas monocromas e moi poucas oculadas, saíron nos niveis III, IV e V.

Os vestixios de romanización son tan raros nas cinco camadas arqueolóxicas da área escavada, que apenas se pode pór na sua conta o anaco dun tellónalcontrado no nivel V. Istes vestixios aparecen entroques en cantidade nunhas leiras situadas ao sueste e a pequena distancia do castro, onde se rexistrou o achádegode varios obxetos de época romana i-entre iles dúas vasixas unha do tipo das «lagoenae» e dúas mitades de outras dúas, panzudas e de colo estreito, mais faltosas de parte dil e do bico, estando as dúas fabricadas â roda.

### Deducións cronolóxicas

O millor cronómetro que forneceu a escavación do castro de Cameixa, foi a cabeza dunha fibula de La Tene III, das que Fortes <sup>(1)</sup> chamou de longo travessão sem espira, que foi atopada no nivel II, presentando a particularidade de tér aloxado na travesa da cabeza un pauciño valeirado interiormente pra deixar paso u un eixe metálico, particularidade que achega iste exemprar

---

<sup>(1)</sup> José Fortes. *As fibulas do noroeste da Peninsula. Portugalia*, tomo II, pax. 22.

a outro de Guifões (1). Datado pol-o tanto por iste achádego o nivel II no derradeiro século denantes de Xesucristo, temos que admitir que os tres niveis superiores a il formaronse no dito século ou dentro xa da nosa era, e deducir en consecuencia os seguintes feitos :

1.º Que no castro de Cameixa non se construíron casas de pedra, nen se ergueu a muralla mais moderna até os anos inmediatamente anteriores ao final das guerras cántabras, sendo as vivendas anteriores sinxelas cabanas de taboas ou polas cobertas, as veces, con arcilla.

2.º Que os muiños de mán circulares fán a súa aparición ao mesmo tempo que as casas de pedra, empregándose con anterioridade soio os muiños planos.

3.º Que as doas de vidro semellan teren niste castro unha introdución serodia, sinalándose tan soio nos tres niveis superiores.

4.º Que o achádego de fibulas de longo travessão sem espira en meios non romanizados, deuse tamén en Sabroso (2) o que indica unha chegada temperá do tipo ao noso circo de cultura.

É de desexar que outras estacións con estratos arqueolóxicos ben determiñados, engadan novos datos aos recollidos en Cameixa, que veñan axudar a resolver os problemas da cronoloxía da nosa cultura castrexa.

FLORENTINO L. CUEVILLAS

JOAQUIN LORENZO FERNANDEZ.

---

(1) José Fortes. *Op. e loc. cit.*

(2) José Fortes. *Op. e loc. cit.*